

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Decreto 34/2010, do 4 de marzo, polo que se aproba o cambio de titularidade da vía Ponte Arnelas-Cabanelas, que discorre polos termos municipais de Cambados, Ribadumia e Vilanova de Arousa, a prol da Deputación Provincial de Pontevedra.

A teor do previsto no artigo 5 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

Por outra parte, a citada Lei de estradas dispón no artigo 54 que as estradas provinciais ou os treitos determinados delas en que a circulación adquira características urbanas, serán entregados aos respectivos concellos. O expediente será promovido por proposta do concello ou da Administración titular da estrada e será resolto polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas, logo de informe de ambos os organismos.

Ao abeiro das mencionadas previsións legais, os concellos de Cambados, Ribadumia e Vilanova de Arousa acordaron a cesión a favor da Deputación Provincial de Pontevedra da vía Ponte Arnelas-Cabanelas, que discorre ao longo destes tres termos municipais.

O Pleno da Corporación Provincial acordou o 30 de abril de 2009 a aceptación do cambio de titularidade da vía que discorre entre Ponte Arnelas e Cabanelas, de titularidade dos concellos de Cambados, Ribadumia e Vilanova de Arousa.

A Dirección Xeral de Infraestruturas, de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes, formula proposta favorable á transferencia da titularidade.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas considera axeitado o cambio de titularidade tendo en conta que esa vía adquiriu características netamente urbanas.

Polo exposto, consonte o previsto na Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, tras o acordo entre as administracións afectadas, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día catro de marzo de dous mil dez,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Apróbase o cambio de titularidade a favor da Deputación Provincial de Pontevedra da estrada que une os lugares de Ponte Arnelas e Cabanelas, dos

concellos de Cambados, Ribadumia e Vilanova de Arousa.

Artigo 2º

En aplicación do artigo 4 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, as entidades locais no marco das súas competencias, e de acordo cos correspondentes plans de estradas, aprobarán a relación de estradas da súa titularidade. De acordo co exposto, a Deputación Provincial de Pontevedra deberá incorporar ao seu Plan de Estradas a vía a que se refire este decreto.

Artigo 3º

A entrega da vía formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

Artigo 4º

Correspóndenlle á Deputación Provincial de Pontevedra, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía; así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular da estrada.

Disposición derradeira

Este decreto producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, catro de marzo de dous mil dez.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio
e Infraestruturas

Corrección de erros.-Orde do 2 de marzo de 2010 pola que se regula a concesión de subvencións aos concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico, durante o ano 2010.

Advertido erro no pé de páxina do anexo I da Orde do 2 de marzo de 2010, pola que se regula a concesión de subvencións aos concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico, durante o ano 2010, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 47, do 10 de marzo de 2010, procede a seguinte corrección: onde di: «Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Dirección Xeral de Urbanismo», debe dicir: «Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo».

Nota: esta corrección non modifica o prazo de presentación de solicitudes.